

O TERRITORIO PERDE OS SEUS NOMES

Vanessa Fernández Segura

O pasado 11 de xuño celebrouse na Deputación Provincial de Lugo o "Encontro de Escritor@s polo Territorio" organizado por ADEGA dentro da campaña "Ponte no Medio. Móvete polo Territorio". A xuntaza dunha ducia de autores e autoras galegas veciños todos eles de Lugo tiña unha inxerencia común: "O territorio galego relátase a través da literatura oral, da escrita e da súa toponimia e neste momento histórico está en perigo de extinción", e "Se perdemos as palabras, a lingua e os nomes perdemos o territorio e as persoas".

A LITERATURA ORAL E O TERRITORIO

A mesa "A literatura oral e o territorio" centráronse na literatura oral como creadora do imaxinario do territorio, aquilo que non se ve pero dá forma á nosa cultura; segundo Antonio Reigosa definiu "Un amplo mundo, un universo de personaxes que están aí, que son patrimonio e que non acaban de ser tratados como se merece".

Ana Carreira foi neste encontro a "narradora do medo". Achegóunos ás historias do chupasangues, o sacauntos, a Santa Compañía... personaxes que falan do mundo sucedido, lendas urbanas que vertebran o territorio social e

que serven para aprender e medrar. E Xoán Ramiro Cuba resgatou o "atopador" unha das personaxes da obra de Cunqueiro en "Tesouros novos e vellos", un atopador deses tesouros que forman as lendas de Galiza e que están en relación co territorio e teñen unha localización física. Montañas, montes, lagoas, fragas, ríos, fontes... Cuba centrouse no imaxinario da auga, dos seres máxicos que existen nas lagoas, dos sacrificios que se facían nas fontes ou dos encantamentos. Contos con nomes propios como Santalla de Pena, as Lagoas de Cospeito, a Lagoa do Pozo do Olló...

Tirando deste fío, o mindoniense Antonio Reigosa afirmou que "É preciso entendermos ese patrimonio para podermos valoralo". "Cando falamos do relato do medo ou do relato referido a un encanto referímonos ao patrimonio invisible transfigurado nos castros, nas mámoas, nas fontes... espazos protexidos pero que ademais teñen ao lado un relato cunha tradición oral esquecida e maltratada". E incidíu en que "da mesma maneira que se protexe o Castro de Viladonga habería que investir no patrimonio oral", e puxo como exemplos o Castro de Piúgos e a lenda do Castelo do Picato, entre outros.



Xoán Ramiro Cuba, Antonio Reigosa e Ana Carreira (de esquerda a dereita) participaron na palestra "Literatura Oral e Territorio". Están acompañados por Froilán Pallín, secretario xeral de ADEGA.



Sobre o estado da toponimia e da microtoponimia en Galiza versaron, por orde, Xulia Marqués, Xosé Miranda e Gonzalo Navaza.



Nunha das palestras analizouse a evolución dun mesmo territorio (a cidade de Lugo) en tres xeracións diferentes. Os escritores que participaron desta mesa foron Paco Martín, Isidro Novo e María Reimóndez.



Xurxo Souto presidiu a última das palestras, acompañado das escritoras Adela Figueroa e de Pilar García Negro.



A xornada estivo amenizada con música coral e tradicional.

OS NOMES DO TERRITORIO. A TOPONÍMIA

A mesa "Os nomes do territorio. A toponimia" foi unha das máis concorridas e nas que moitos dos asistentes se animaron a intervir polo interese que esperata en ocasións coñecer as nosas raíces patronímicas e toponímicas.

Xulia Marqués adentróunos no seu proxecto sobre toponimia de Galiza, acoutado concretamente no seu concello, Trabada. Reflexionou entorno "a perda e da mudanza", referíndose á perda de poboación do rural e polo tanto de persoas informadoras, á poboación envellecida que desaparece levando consigo os nomes dos lugares e o modo de vida máis tradicional. A súa investigación analiza ese punto de inflexión dende o 1967 ao

1973 que supuxo un aparcamento do territorio e unha modernidade chea de desfeitas. Desa desfeita derivase a perda de toponimia e dos nomes dos lugares: *Os Abeleiros, as liñeiras, o chouso da vaca, a pena do lobo...* "O mundo enteiro dun labrego cabe nun topónimo". Para Xulia, o obxectivo é que "de novos entendamos o mundo no que vivimos a través dos nomes que nos rodean, para que así os apreciemos e os protexamos e difundamos de adultos".

Xosé Miranda fixo unha retrospectiva toponímica das corredoiras, prazas, portas... de Lugo. Nomes relacionados a acontecementos sociais e estruturais da cidade e que na actualidade se cambiaron por nomes que pouco teñen que ver coa historia dese lugar. Puxo exemplos como o Parque de Rosalía que se coñecía como O Garañón, O Camiño Real foi sempre Camiño Vello, A Praza de Augas Férreas actualmente sita a un kilómetro desas augas, ou a Praza da Soidade coñecida anteriormente como Praza do Carboeiro. Un relatorio de espazos e carrís que tiveron un nome espontáneo e que agora son substituídos por unha toponimia conmemorativa e de persoeiros.

A intervención de Gonzalo Navaza deixou aínda máis clara a loucura que moitas veces rexe as mentes dalgúns iluminados na súa teima por nomear o que xa tiña nome ou por facer unha descuberta toponímica pouco científica. Falou da riqueza da toponimia de Galiza en variedade e número e da súa extraordinaria antigüidade, aspectos relacionados intrinsecamente coa dispersión poboacional a diversidade na orografía e o minifundismo.

CAMBIOS NO USO DA CIDADE

Despois do xantar deu comezo a palestra "Cambios no uso da cidade" pre-

sentada por Isidro Novo, acompañado de Paco Martín e María Reimóndez todos eles escritores e cronistas da cidade de Lugo pertencentes a diferentes pléiades (1940, 1951, 1975) e cunha visión moi persoal dos cambios producidos no territorio urbano desta cidade nos últimos 75 anos.

Paco Martín viviu no barrio de Magoi, cando este era unha aldeña "A xente falaba de ir a Lugo á feira ou ao médico: Lugo comezaba practicamente onde a muralla". Isidro Novo recordaba tamén unha Acéa de Olga moi distinta a actual situada no que agora é o restaurante "O Muíño" e relataba como por entón "as señoras de vida fácil, que se chamaban daquela, viñanse bañar ao outro lado do río". E rematando este percorrido María Reimóndez levounos de paseo pola cidade dos seus recordos a través dun relato no que todos poidemos calzarnos diferentes zapatos que a autora quixo vestirmos.

PASEO LITERARIO

Para rematar Xurxo Souto, presentounos a dúas mulleres que el definiu como "mulleres sol" trasformadoras e multidisciplinares: Adela Figueroa e Pilar García Negro. Da man destas dúas mulleres o encontro converteuse nun paseo literario por Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Carvahlo Calero, Luis Pimentel, Ánxel Fole, Manuel María, Uxío Novoneyra, Lois Diéguez, Marica Campo... autores de urdime na literatura galega que nalgún momento souberon retratar con extraordinaria certeza a cidade de Lugo.

Ao longo das xornadas tamén houbo tempo para o lecer e a música, da man do "Coro LUGH" e de dous membros de "Os Frebudos". Como punto final, o propio Xurxo Souto arrincou do seu acordeón unha homenaxe a Lois Pereiro, galardoado co Premio Día das Letras Galegas deste ano.

